




**Ayuntamiento de A Coruña**  
**Concello da Coruña**

Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/19315/2022 06/09/2022

Area / Unidade RR.HH PE0000 ASR	Documento 1081610BYN	
Código de verificación  632C 574D 014O 424R 004Q	Expediente 108/2022/1535	
	Data 01-09-2022	

**Asunto:** Convocatoria (12/08/2022) cobertura temporal posto xefatura Departamento de Xestión de RR.HH., referencia 0170

## RESOLUCIÓN

### ANTECEDENTES DE FEITO

**Primeiro.-** Con data 12/08/2022 o xefe de Servizo de Recursos Humanos e o director da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior solicitaron o inicio da convocatoria pública para a cobertura, mediante comisión de servizos, do posto de xefatura do Departamento de Xestión de Recursos Humanos, posto con referencia 0170.

Dita cobertura temporal de posto solicítase porque considerase imprescindible a súa cobertura coa motización e xustificación que consta na solicitude mencionada e que forma parte deste expediente.

**Segundo.-** Con data 12 de agosto de 2022 o Servizo de RR.HH. publica un anuncio de convocatoria para a cobertura temporal, entre outros, do seguinte posto de traballo, en base a petición efectuada polo xefe de Servizo de Recursos Humanos e o director da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior:

- Xefatura de departamento de Xestión de RR.HH. (Servizo RR.HH.), referencia 170

No citado anuncio, indicase o persoal funcionario de carreira do Concello da Coruña, que conforme a RPT vixente e as normas de xestión, reúnan os requisitos necesarios para a ocupación de este posto de traballo e que queiran participar nesta convocatoria, deberán presentar a correspondente solicitude nun rexistro municipal, acompañada dun currículo, no prazo de 5 días hábiles, a contar desde a publicación deste anuncio.

**Terceiro.** As características do posto de traballo a cubrir, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo vixente, son as que se detallan na seguinte táboa:

Servizo	Cod.U. Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto de traballo	Gr.	N	Escala	Element. Espec.	FP	Adm.
RR.HH.	PE1000	Xest. de RR.HH.	170	Xef. Departamento	A1/A2	26	AX/AE	FR12 ED	C	AY

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

**Primeira.-** O artigo 96 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, regula a comisión de servizos voluntaria, onde establece que os postos de traballo reservados ao persoal funcionario de carreira pódense prover excepcionalmente e de maneira temporal mediante unha comisión de servizos voluntaria. O artigo 64.6 do Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo polo que se aproba o Regulamento

Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado establece que aos funcionarios en comisión de servizos reservaráselles o posto de traballo, o que hai que relacionar que o apartado 8 do art. 4 do Decreto 92/1991 de 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia dispón que a comisión de servizos será desempeñada voluntariamente salvo nos casos de carácter forzoso.

**Segunda.-** O xefe de Servizo de RR.HH. co conforme do director de Economía, Facenda e Réxime Interior, unha vez examinadas as solicitudes recibidas e os CV dos candidatos presentados, remite, con data 27/08/2022, ao servizo de RR.HH. unha proposta de nomeamento de Don José Antonio Sánchez Ríos, en comisión de servizos, no posto de xefe de departamento de Xestión de Recursos Humanos (nº referencia 170).

**Terceira.-** Considerando a urxente necesidade de cobertura dun posto de xefatura do Departamento de Xestión de Recursos Humanos (nº referencia 170) segundo as motivacións que figuran na solicitude da súa cobertura, e tendo en conta o disposto nos arts. 81 e 84 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o art. 101 da Lei de Bases de Réxime Local e o art. 96 e ss da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e o art. 3 do Decreto da Xunta de Galicia 93/1991 de 20 de marzo e demais normas concordantes, así como que o funcionario proposto reúne os requisitos, procede destinar a Don José Antonio Sánchez Ríos, en comisión de servizos, ao posto de traballo de xefatura do Departamento de Xestión de Recursos Humanos, co número 170 na RPT.

As características do citado posto de traballo son as seguintes:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
RR.HH.	PE1000	Xest. de RR.HH.	170	Xef. Departamento	A1/A2	26	AX/AE	FR12 ED

**Cuarta.-** Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será dun ano. Dita comisión de servizos pode prorrogarse un ano máis ou ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, o citado funcionario volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

**Quinta.-** O posto de orixe de José Antonio Sánchez Ríos, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo, descríbese na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
RR.HH.	PE1000	Xest. de RR.HH.	Xef. Sección Admon. RR.HH.	171	A1/A2	24	AX/AE	FR11 ED

**Sexta.-** Os custos que xenere esta comisión de servizos atópanse orzados no grupo de programa 920, existindo crédito adecuado e suficiente para iso.

**Sétima.-** O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2019 (BOP nº 124 de 03/07/2019), atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal ao Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior.

Á vista do informe emitido polo servizo de Recursos Humanos, o Concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior por delegación da Xunta de Goberno Local do 28/06/2019 (BOP núm. 124 do 03/07/2019), en uso das facultades que ten conferidas,



**RESOLVE:**

1º.- Destinar a Don José Antonio Sánchez Ríos (NIF \*\*5168\*\*\*), en comisión de servizos, ao posto de traballo da xefatura de Departamento de Xestión de Recursos Humanos, co número de referencia 170.

As características do posto a ocupar son as descritas na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
RR.HH.	PE1000	Xest. de RR.HH.	170	Xef. Departamento	A1/A2	26	AX/AE	FR12 ED

Os efectos económicos e administrativos desta comisión de servizos serán os do día da formalización da correspondente acta de aceptación.

2º.- A duración desta comisión de servizos será dun ano e, en todo caso, como máximo ata a súa cobertura de forma definitiva pola correspondente proceso de provisión de postos. Esta comisión pode prorrogarse un ano mais. Unha vez terminada esta comisión de servizos, o citado funcionario volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

3º.- O posto de orixe de Don José Antonio Sánchez Ríos, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo, é o que se describe na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
RR.HH.	PE1000	Xest. de RR.HH.	Xef. Sección Admon. RR.HH.	171	A1/A2	24	AX/AE	FR11 ED

4º.- Notificar a presente resolución ao interesado, ao Xefe de Servizo de Recursos Humanos.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro Delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior

José Manuel Lage Tuñas